




A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de outubro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección da Presidencia da Comisión (art. 41, 37 e 36 do Regulamento da Cámara)

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 30946 (10/PNC-002489)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución dos traballos subvencionados a través da liña de axudas inserida nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais para a formación de equipos para as comunidades de montes, así como mediante todas as liñas de axuda destinadas a esas comunidades
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018
- 2.2 31081 (10/PNC-002504)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a adopción pola Consellería do Medio Rural das medidas oportunas para impedir a eliminación, na modificación do PXOM do Concello de Curtis, da figura de solo rústico de especial protección agropecuaria en detrimento da superficie agraria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018
- 2.3 33175 (10/PNC-002714)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre o sometemento polo Goberno galego á consideración e aprobación polo Parlamento de Galicia do novo Plan forestal galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018
- 2.4 36137 (10/PNC-002898)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre a apertura por parte da Xunta de Galicia de novas zonas de concentración parcelaria de interese agrogandeiro e forestal para rendibilizar as actuais explotacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018



- 2.5 36324 (10/PNC-002912)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos continuos danos económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria que está a causar o xabaril, en especial nas explotacións e cultivos do medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018
- 2.6 36370 (10/PNC-002919)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas destinadas á implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e do xabaril, así como a adaptación do actual marco lexislativo en materia de convivencia coa fauna salvaxe á situación real do territorio, en especial no referido á problemática do lobo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Daniel Vega Pérez
Presidente en funcións da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 16/10/2018 14:17:09